

JUAN DURÁN

**CADERNO DE BITÁCORA
DE VALENTÍN PAZ-ANDRADE**

**Cantata breve para recitador,
coro e orquestra sobre textos
de Valentín Paz-Andrade**

JUAN DURÁN

Caderno de bitácora de Valentín Paz-Andrade

Cantata breve para recitador,
coro e orquestra sobre textos
de Valentín Paz-Andrade



Edita

© Consello da Cultura Galega, 2012
Pazo de Raxoi · 2º andar · Praza do Obradoiro
15705 · Santiago de Compostela
T 981 957 202 · F 981 957 205
correo@consellodacultura.org
www.consellodacultura.org

Esta obra foi composta para o Consello da
Cultura Galega con motivo do Día das Letras
Galegas 2012 dedicado a Valentín Paz-Andrade

Imprime

Litonor

Depósito Legal: C 875-2012
ISMN 979-0-9013197-1-4

Caderno de bitácora de Valentín Paz-Andrade

“Caderno de bitácora”, lugar onde se anotan meticulosamente as incidencias da navegación: rumbos, velocidade, distancias percorridas, ventos, circunstancias atmosféricas, situación de accidentes orográficos descoñecidos... Por extensión, memoria do tempo vivido, tamén soñado. Para esta obra de encargo explícito, Juan Durán escolle de entre os poemarios de Valentín Paz-Andrade –*Sementeira do vento e Pranto matricial*–, tres singraduras para unha viaxe que vai do máis concreto, os lugares da diáspora da Rosa dos Ventos ou os das ribeiras da terra propia, á lembranza do soño truncado da Galicia de Castelao; e, de aquí, novamente ao espazo sen tempo do vento, e do mar. Sobre estes versos o compositor arma unha obra densa na súa brevidade, variada nas texturas e rica en expresividade, xunguida na súa amplitude pola presenza de temas recorrentes, motivos derivados e procedementos compositivos reiterados que paga a pena comentar.

A obra iníciase cunha introdución escura e fonda, inmanente e telúrica, como o cabo do mar do Sardo evocado no texto; nela preséntanse xa o que serán os temas articuladores: a chamada das trompas e especialmente o tema do *piccolo*, cita modalmente alterada dunha melodía tradicional que se irá reiterando e definindo ao longo da partitura, como o auténtico xermolo xeratriz da composición. A escolma dos textos prové a propia ordenación musical, en tres claras seccións rematadas polo coral a catro voces. En cada unha das seccións, o recitador declama acompañado por incertos acordes sostidos –*clusters*–, nos que se observa a coidada adecuación ao tratamento dos tres textos escollidos, segundo o seu carácter: mentres que na primeira e terceira seccións, as estrofas poéticas van marcadas por breves *tutti*, áxiles e nerviosos, como ondas dun mar picado ou refachos de vento, na sección central –*Pranto matricial*–, a evocación agarimosa da volta do “irmán” Daniel á Terra descansa sobre lenzos de son homoxéneo de cada unha das familias instrumentais, que se van superpoñendo nun *continuum* sen interrupcións, como un mar calmo e morno.

Para unir as tres partes literarias, o compositor bota man de varios procedementos formais. Primeiramente, o *leitmotiv* sobre a frase inicial da *Marcha do Antigo Reino de Galicia*, que se presenta desde o inicio e reaparece unha e outra vez con diferentes instrumentacións e tratamentos ao longo da obra, máis preto da “idea fixa” de Berlioz que do tema condutor wagneriano. Unha vez máis Durán, compositor de sólida tradición académica, mostra o seu gusto pola cita musical como elemento construtivo e evocador, como ten feito xa en tantas outras ocasións –como exemplo ben ilustrativo, case unha travesura maxistralmente resolta, baste lembrar o seu *felizcumpleañozmozart.com* (2006)–; deste xeito, entre nostálxico e tributario, ecoan tamén no *Caderno de bitácora* fragmentos de *Cantiga* –ou *Unha noite na eira do trigo*– e *Un adiós a Mariquiña*, do mestre Chané. En segundo lugar, como un gonzo que articula as tres partes, ao mesmo tempo que as relaciona, dispónse o coral a catro voces sobre a estrofa “Eu canto túa imaxe, sombra de Breogán...”, reiterado ao remate das diferentes seccións, percorrendo as tonalidades dominantes na obra e amplificado cara ao remate desta. Por debaixo desta articulación formal, que remite de lonxe ao tradicional esquema tripartito reexpositivo, os fíos condutores, os temas e os motivos entrecrúzanse nun arco de tensión e intensidade crecentes, cara a unha textura cada vez máis densa e sonora, ata estalar maxestosa e plena no *tutti* da orquestra e coro finais, sobre a palabra “Breogán”.

Caderno de bitácora –lembremos: lugar onde se anotan as incidencias...– ten algo de inventario e de cartafol sentimental, coas súas citas, a variedade dos procedementos construtivos e as referencias literarias á diáspora, evocada por Paz-Andrade, neses lugares de azur, do mar e do vento, nos que se desenvolve a grande aventura épica da Galicia espallada polo mundo. Ten tamén moito de fe na permanencia, no retorno das voces conxuntadas nun coral, e no reencontro con nós mesmos, a través da figura senlleira do “irmán” Daniel, que volve finalmente, polo mar da nosa memoria. O *Caderno* fica no seu remate esperanzado e aberto, silente, unha música envolvente feita a un tempo de rouco bordón de baixo continuo e cristal de notas lenes; como un vento que zoa perenne e insistente, lembranza da permanencia inmutable do mundo, e promesa da vida renacente.

*Extraído das notas ao programa do concerto da estrea absoluta,
Pontevedra, 16 de maio de 2012
Luís Costa Vázquez*

Orgánico

Piccolo

Frauta

2 Oboes

2 Clarinetes en Si b

2 Fagots

3 Trompas en Fa

2 Trompetas en Si b

1 percusionista

*(Campá, Cortina de timbres, Gran caixa, Pao de auga,
Prato suspendido, Tam-tam, Triángulo)*

Harpa

Recitador/a

Coro a 4 v.m.

Cordas

Duración: 14 minutos aprox.

Texto

Recitador:

Caderno de bitácora de Valentín Paz-Andrade

Di o poeta Manuel María que Valentín Paz-Andrade é un “importante poeta do mar, que cantou as grandes navegacións dos nosos mariñeiros, os días e os traballos das xentes de noso por tódalas direccións da Rosa dos Ventos”:

*Benchegados da costa de Sardo
picada nas Berlingas,
escola de arriscada patronía
onde a xente de Bouzas aprendeu
o alfabeto dos ventos e das calmas,
do arroás, das aves e da ardora,
cartilla elemental do mar maior.*

*Benchegados do Norde,
da luz e a neve boreal unxidos,
parexeiros bariles do Grand Sole,
adiantados das Hébridas,
do Berbés e Cangas boniteiros,
forxadores da nova roita céltiga,
da misa azul de San Patrik ouvidores
e da Virxen da Barca seaeiros.*

*Benchegados tamén da extremadura
Terra dos Bacallaus
ás orelas do Polo pendurada,
capitáns de Palmeira, para Kipling
criados, mariñeiros de Corme
e destemidos chós de Corrubedo,
na canteira dos ártabros tallados.*

Coral

*Eu canto túa imaxe,
sombra de Breogán,
que navegas no ar,
de Irlanda ao noso chan.*

Recitador:

“Cando ti volvas...” é a elexía que Valentín Paz-Andrade escribe no seu poemario *Pranto matricial*, adicada ao seu amigo e mestre Alfonso Rodríguez Castelao. Paz-Andrade chora a morte do seu “irmán maior”, como el adoitaba chamarlle, e entoa un pranto esperanzado no regreso.

*Na matricial Galiza, sempre túa,
que dende a Torre de Hércules ao Miño
un facho acenderá por cada illa,
cando ti volvas polo mare;*

*de toxo unha fogueira en cada monte;
cando ti volvas polo mare;
dos castros na coroa unha cachela,
cando ti volvas polo mare;*

*unha loura candea en cada pino,
cando ti volvas polo mare;
o seu cirio de frouma os alciprestes,
cando ti volvas polo mare;*

*luces de ardora branca en cada mastro,
cando ti volvas polo mare;
un farol mariñeiro en cada dorna,
cando ti volvas polo mare;*

*veliñas á xanela en cada casa,
cando ti volvas polo mare;
e as pérolas das bágoas derramadas,
cando ti chegues polo mare,
cando ti chegues polo mare...*

Coral

*Eu canto túa imaxe,
sombra de Breogán,
que navegas no ar,
de Irlanda ao noso chan.*

Recitador:

En 1968 Valentín Paz-Andrade escribe o seu poemario *Sementeira do vento*.

*Da Natureza eres
ouh vento! vento! vento!
máis que pródigo fillo,
o pai elemental de barba líquida*

*que encheu de translucentes oleaxes
os baldíos do éter,
para lle esgazar o himen de silencio
a corola do mundo.*

*Miragre de pentágramas espidos
de apareadas pautas,
Orfeu que a roda fas da terra toda!
Con tanxer de celestes violinos
a voz segreda espertas da paisaxe,
ameando no cósmico coral,
xunto ao laio de alcáceres dormentes
a cantiga de berce arroladora
do encadeado renascer da vida.*

*Corpo sin corpo a percorrela esfera,
do peso do seu ser xa liberado,
mais ferido na agulla das veletas,
con bordón e con fol a andar camiño,
multiplicadas maos virando a cunchas
ateigadas de polen e semente,
das que reciben auroral baptizo
as sete caras do planeta.*

*Océano de formas debulladas
polo folgo dos anxos.
Soilo de ti pudera no profundo
ouh vento! vento! vento!
esprementar elemental envexa
a cintilante maxestá dos mares.*

*Envexa do teu ser
máis cristiáño e doce, máis levián
de sustancias alixeras composto,
por estrelas fuxidas viaxado,
viaxado por trasnos e pantasma.*

Coral

*Eu canto túa imaxe,
sombra de Breogán,
que navegas no ar,
de Irlanda ao noso chan.*

$\text{♩} = 144$

Piccolo

Flauta

Oboe 1.2

Clarinete en Si b. 1.2

Fagot 1.2

Trompa en F 1.2

Trompa en F 3

Trompeta Si b. 1.2

Percusión

Harp

Soprano

Alto

Tenor

Baixo

Violín I

Violín II

Viola

Violoncello

Contrabaixo

1

14

Picc. *f*

Fr.

Ob. 1.2

Cl. Si b. 1.2 *mp*

Fg. 1.2 *mp* *f*

Trp. Fa 1.2 *p*

Trp. Fa 3 *p*

Tpa Si b. 1.2 *p* *Con sord. mp*

Perc. *mf* Pao de auga

Hp.

Vln. I *pp* *mp*

Vln. II *pp* *mp*

Vla. *mp*

Vc. *mp*

Cb. *pp*

41

Picc. *f*

Fr.

Ob. 1.2

Cl. Si b. 1.2 *mp*

Fg. 1.2 *mp*

Trp. Fa 1.2 *p*

Trp. Fa 3

Tpa Si b. 1.2 *Con sord. mp*

Perc. *mf*

Hp.

Vln. I *pp* *mf*

Vln. II *pp* *mf*

Vla. *pp*

Vc. *pp*

Cb.

53

Picc. *p* *f*

Fr. *p*

Ob. 1.2 *f*

Cl. Si b. 1.2 *f*

Fg. 1.2 *p* *mf* *f*

Trp. Fa 1.2 *p*

Trp. Fa 3 *mf*

Tpa Si b. 1.2

Perc.

Hp. *pp* *mp* *mf* *f*

Vln. I *pp* *mp* *mf* *f*

Vln. II *pp* *mp* *mf* *f*

Vla. *pp* *mp* *mf* *f*

Vc. *pp* *mp* *mf* *f*

Cb. *mp* *mf* *f*

Picc. *ff*

Fr. *ff*

Ob. 1.2 *ff*

Cl. Si b. 1.2 *ff*

Fg. 1.2 *ff*

Trp. Fa 1.2 *f* *ff* Solo *pp*

Trp. Fa 3 *ff*

Tpa Si b. 1.2 *f* *ff* Senza sord.

Perc. Prato suspenso *mf* *fff*

Hp. *gliss.* *ff*

Recitador:

Caderno de bitácora
de Valentin Paz-Andrade.

Vln. I *fffzpp*

Vln. II *fffzpp*

Vla. *ff*

Vc. *ff*

Cb. *ff*

78

Picc.

Fr. *p*

Ob. 1.2 *p*

Cl. Si b. 1.2 *p*

Fg. 1.2 *pp* *p*

Trp. Fa 1.2

Trp. Fa 3 *pp*

Tpa Si b. 1.2

Perc. Triángulo *mf*

Hp. *p*

Di o poeta Manuel María que
 Valentín Paz-Andrade é un
 "importante poeta do mar,
 que cantou as grandes navegaciós
 dos nosos mariñeiros,
 os días e os traballos das xentes de noso
 por tódalas direciós da Rosa dos Ventos":

Vln. I *p*

Vln. II *p*

Vla. *p*

Vc. Pizz. *p* Arco *p*

Cb. Pizz. *p* Arco *p*

100

Picc.

Fr.

Ob. 1.2

Cl. Si b. 1.2

Fg. 1.2

Trp. Fa 1.2

Trp. Fa 3

Tpa Si b. 1.2

Perc.

Hp.

Detailed description: This block contains the first system of musical notation, measures 100 to 103. The Piccolo part (Picc.) begins at measure 100 with a melodic line featuring four triplet eighth notes. The Flute (Fr.), Oboe (Ob. 1.2), Clarinet in B-flat (Cl. Si b. 1.2), and Bassoon (Fg. 1.2) parts play sustained notes with dynamic markings. The Trumpets (Trp. Fa 1.2 and Trp. Fa 3) and Trombones (Tpa Si b. 1.2) play sustained notes. The Percussion (Perc.) part has a rhythmic pattern. The Piano (Hp.) part features a steady eighth-note accompaniment in the right hand and a similar pattern in the left hand.

*Benchegados do Norde,
da luz e a neve boreal unxidos,
parexeiros bariles do Grand Sole,
adiantados das Hébridias,
do Berbés e Cangas boniteiros,
forxadores da nova roita céltiga,
da misa azul de San Patrik ouvidores
e da Virxen da Barca seaeiros.*

Vln. I

Vln. II

Vla.

Vc.

Cb.

Detailed description: This block contains the string parts for measures 100 to 103. The Violin I (Vln. I) part features a complex melodic line with many triplets. The Violin II (Vln. II) part has a similar melodic line. The Viola (Vla.) part plays a rhythmic pattern with sixteenth notes and triplets. The Violoncello (Vc.) and Contrabass (Cb.) parts play sustained notes with dynamic markings.

103

Picc.

Fr.

Ob. 1.2

Cl. Si b. 1.2

Fg. 1.2

Trp. Fa 1.2

Trp. Fa 3

Tpa Si b. 1.2

Perc.

Hp.

Vln. I

Vln. II

Vla.

Vc.

Cb.

*Benchegados tamén da extremadoura
 Terra dos Bacallaus
 ás orelas do Polo pendurada,
 capitáns de Palmeira, para Kipling
 criados, mariñeiros de Corme
 e destemidos chós de Corrubedo,
 na canteira dos ártabros tallados*

Musical score for orchestra and strings, measures 106-110. The score includes parts for Piccolo (Picc.), Flute (Fr.), Oboe 1 & 2 (Ob. 1.2), Clarinet in B-flat 1 & 2 (Cl. Si b. 1.2), Bassoon 1 & 2 (Fg. 1.2), Trumpet in F 1 & 2 (Trp. Fa 1.2), Trumpet in F 3 (Trp. Fa 3), Trombone in B-flat 1 & 2 (Tpa Si b. 1.2), Percussion (Perc.), Harp (Hp.), Violin I (Vln. I), Violin II (Vln. II), Viola (Vla.), Violoncello (Vc.), and Contrabass (Cb.).

Measures 106-109 are marked with *f* and feature sixteenth-note passages with a sixteenth-note rest (6) and slurs. Measure 110 is marked with *ff* and features a triplet of eighth notes (3). The Harp part includes a glissando (*gliss.*) in measure 110. The Percussion part has a *ff* dynamic marking in measure 110. The string parts (Vln. I, Vln. II, Vla., Vc., Cb.) feature sixteenth-note passages with slurs and triplet markings (3) in measure 110.

11

♩ = 144

113

Picc. *f*

Fr.

Ob. 1.2

Cl. Si b. 1.2

Fg. 1.2

Trp. Fa 1.2 *p*

Trp. Fa 3 *p*

Tpa Si b. 1.2 *p* Con sord. *mp*

Perc. Pao de auga *mf*

Hp. *p* *f*

Vln. I *pp*

Vln. II *pp* *mf*

Vla. *pp* *mf*

Vc. *pp* *mf*

Cb. *pp* *mf*

12

$\text{♩} = 100$

Picc.

Fr.

Ob. 1.2

Cl. Si b. 1.2

Fg. 1.2

Trp. Fa 1.2

Trp. Fa 3

Tpa Si b. 1.2

Perc.

Hp.

S

A

T

B

Vln. I

Vln. II

Vla.

Vc.

Cb.

Eu can-to tú-a.i - ma - xe — som - bra de Bre-o - gán — que na - ve - gas no ar de Ir - landa.ao no-so chan — de Ir -

Eu can-to tú-a.i - ma - xe — som - bra de Bre-o - gán — que na - ve - gas no ar de Ir - landa.ao no-so chan — de Ir -

Eu can-to tú-a.i - ma - xe — som - bra de Bre-o - gán — que na - ve - gas no ar de Ir - landa.ao no-so chan — de Ir -

Eu can-to tú-a.i - ma - xe — som - bra de Bre-o - gán — que na - ve - gas no ar de Ir - landa.ao no-so chan — de Ir -

156

Picc. *f* *mf*

Fr.

Ob. 1.2

Cl. Si b. 1.2 *mf*

Fg. 1.2

Trp. Fa 1.2 *p* *mf*

Trp. Fa 3 *mf* *f*

Tpa Si b. 1.2 *p* *mp* *f*

Perc. Prato suspenido *mf* *f* *mf*

Hp.

S
lan - da.ao no - so chan —

A
lan - da.ao no - so chan —

T
lan - da.ao no - so chan —

B
lan - da.ao no - so chan —

Vln. I

Vln. II

Vla.

Vc.

Cb.

174

Picc. *f* *ff*

Fr. *f* *ff*

Ob. 1.2 *ff*

Cl. Si b. 1.2 *f* *ff*

Fg. 1.2 *ff*

Trp. Fa 1.2 *f* *ff*

Trp. Fa 3 *ff*

Tpa Si b. 1.2 *ff*

Perc. *f* *ff*

Hp. *ff* 8va

Vln. I *ff*

Vln. II *ff*

Vla. *ff*

Vc. *ff*

Cb. *ff*

14

♩ = 60

185

Picc. *pp*

Fr. *pp* *p*

Ob. 1.2 *pp*

Cl. Si b. 1.2 *pp* *pp*

Fg. 1.2 *pp* *pp*

Trp. Fa 1.2 *pp* Con sord. *pp*

Trp. Fa 3 Con sord. *pp*

Tpa Si b. 1.2 Con sord. *pp*

Perc. *p* Campá

Hp.

"Cando ti volvas..." é a elexía que
 Valentín Paz-Andrade escribe no seu poemario
Pranto matricial, adicada ao seu amigo e
 mestre Alfonso Rodríguez Castelao.
 Paz-Andrade chora a morte do seu
 "irmán maior", como el adoitaba chamarlle,
 e entoa un pranto esperanzado no regreso.

*Na matricial Galiza, sempre túa,
 que dende a Torre de Hércules ao Miño
 un facho acenderá por cada illa,
 cando ti volvas polo mare;*

Vln. I *pp* *ppp*

Vln. II *pp* *ppp*

Vla. *ppp*

Vc. *ppp*

Cb. *ppp*

198

Picc.

Fr.

Ob. 1.2

Cl. Si b. 1.2

Fg. 1.2

Trp. Fa 1.2

Trp. Fa 3

Tpa Si b. 1.2

Perc.

Hp.

Detailed description: This section of the score covers measures 198 to 201. It includes parts for Piccolo, Flute, Oboe 1 & 2, Clarinet in B-flat 1 & 2, Bassoon 1 & 2, Trumpet in F 1 & 2, Trumpet in F 3, Trombone in B-flat 1 & 2, Percussion, and Harp. The woodwinds and brass play sustained notes with slurs, while the percussion has rhythmic patterns. The harp part is mostly rests.

*de toxo unha fogueira en cada monte;
cando ti volvas polo mare;
dos castros na coroa unha cachela,
cando ti volvas polo mare;*

*unha loura candea en cada pino,
cando ti volvas polo mare;
o seu cirio de frouma os alciprestes,
cando ti volvas polo mare;*

*luces de ardora branca en cada mastro,
cando ti volvas polo mare;
un farol mariñeiro en cada dorna,
cando ti volvas polo mare;*

Vln. I

Vln. II

Vla.

Vc.

Cb.

Detailed description: This section of the score covers measures 198 to 201 for the string ensemble. It includes parts for Violin I, Violin II, Viola, Violoncello, and Contrabasso. The strings play sustained notes with slurs, providing a harmonic foundation for the vocal lines.

Musical score for woodwinds and strings. The score includes parts for Piccolo (Picc.), Flute (Fr.), Oboe 1 & 2 (Ob. 1.2), Clarinet in B-flat 1 & 2 (Cl. Si b. 1.2), Bassoon 1 & 2 (Fg. 1.2), Trumpet in F 1 & 2 (Trp. Fa 1.2), Trumpet in F 3 (Trp. Fa 3), Trombone in B-flat 1 & 2 (Tpa Si b. 1.2), Percussion (Perc.), and Harp (Hp.). The music is in 2/4 time and begins at measure 210. The woodwinds and strings play a melodic line starting with a half note, followed by quarter notes.

*veliñas á xanela en cada casa,
cando ti volvas polo mare;
e as pérolas das bágoas derramadas,
cando ti chegues polo mare,
cando ti chegues polo mare...*

Musical score for strings. The score includes parts for Violin I (Vln. I), Violin II (Vln. II), Viola (Vla.), Violoncello (Vc.), and Contrabasso (Cb.). The music is in 2/4 time and begins at measure 210. The strings play a melodic line starting with a half note, followed by quarter notes. The dynamic marking *p* (piano) is indicated at the beginning of the string parts.

255

Picc. *f*

Fr.

Ob. 1.2

Cl. Si b. 1.2

Fg. 1.2

Trp. Fa 1.2

Trp. Fa 3

Tpa Si b. 1.2 *p* *Con sord. mp* *2^a* *p*

Perc.

Hp.

S *pp*
no - so chan — de Ir - lan - da.ao no - so chan

A *pp*
no - so chan — de Ir - lan - da.ao no - so chan

T *pp*
no - so chan — de Ir - lan - da.ao no - so chan

B *pp*
no - so chan — de Ir - lan - da.ao no - so chan

Vln. I *pp*

Vln. II *pp*

Vla. *pp*

Vc. *pp*

Cb.

275

Picc. *f* *p* *f*

Fr. *p*

Ob. 1.2 *f*

Cl. Si b. 1.2 *f*

Fig. 1.2 *p* *mf* *f*

Trp. Fa 1.2 *p*

Trp. Fa 3 *p* *mf*

Tpa Si b. 1.2 *p*

Perc. Pao de auga *mf*

Hp. *f* *pp* *mp* *mf* *f*

Vln. I *pp* *mp* *mf* *f*

Vln. II *mp* *pp* *mp* *mf* *f*

Vla. *mf* *pp* *mp* *mf* *f*

Vc. *mf* *pp* *mp* *mf* *f*

Cb. *pp* *mf* *f*

32

Detailed description: This page of a musical score, numbered 19, covers measures 275 to 320. It features a full orchestral and string ensemble. The woodwinds (Piccolo, Flute, Oboe, Clarinet, Bassoon, Trumpets, Trombones) and Percussion (Pao de auga) are active in the first half of the page. The strings (Violins I and II, Viola, Violoncello, and Contrabass) and Harp are active throughout. The score includes various dynamics such as *f* (forte), *p* (piano), *mf* (mezzo-forte), *mp* (mezzo-piano), and *pp* (pianissimo). There are also performance markings like *mf* and *f* with accents, and some triplets. The bottom left corner of the page is numbered 32.

304

Picc. *ff*

Fr. *ff* *pp*

Ob. 1.2 *ff* *pp*

Cl. Si b. 1.2 *ff* *pp*

Fg. 1.2 *ff* *pp*

Trp. Fa 1.2 *ff*

Trp. Fa 3 *ff*

Tpa Si b. 1.2 *ff*

Perc. *ff* Prato suspenso

Hp.

*Da Natureza eres
ouh vento! vento! vento!
máis que pródigo fillo,
o pai elemental de barba líquida
que encheu de translucentes oleaxes
os baldíos do éter,
para lle esgazar o himen de silencio
a corola do mundo.*

*Miragre de pentágramas espidos
de apareadas pautas,
Orfeu que a roda fas da terra toda!
Con tanxer de celestes violinos
a voz segreda espertas da paisaxe,
ameando no cósmico coral,
xunto ao laio de alcáceres dormentes
a cantiga de berce arroladora
do encadeado renascer da vida.*

Vln. I *ff*

Vln. II *ff*

Vla. *ff*

Vc. *ff*

Cb. *ff*

34

308

Picc.
Fr.
Ob. 1.2
Cl. Si b. 1.2
Fg. 1.2
Trp. Fa 1.2
Trp. Fa 3
Tpa Si b. 1.2
Perc.
Hp.

*Corpo sin corpo a percorrela esfera,
do peso do seu ser xa liberado,
mais ferido na agulla das veletas,
con bordón e con fol a andar camiño,
multiplicadas maos virando a cunchas
ateigadas de polen e semente,
das que reciben auroral baptizo
as sete caras do planeta.*

*Océano de formas debulladas
polo folgo dos anxos.
Soilo de ti pudera no profundo
ouh vento! vento! vento!
esprementar elemental envexa
a cintilante maxestá dos mares.
Envexa do teu ser
máis cristaiño e doce, máis levián
de sustancias alixeras composto,
por estrelas fuxidas viaxado,
viaxado por trasnos e pantasma.*

Vln. I
Vln. II
Vla.
Vc.
Cb.

320

Picc.

Fr.

Ob. 1.2

Cl. Si b. 1.2

Fg. 1.2

Trp. Fa 1.2

Trp. Fa 3

Tpa Si b. 1.2

Perc.

Hp.

Vln. I

Vln. II

Vla.

Vc.

Cb.

mp

mp

p

f

mf

p

p

p

p

pp

pp

pp

Eu can - to tú - ai - ma -

Eu can - to tú - ai - ma -

Eu can - to tú - ai - ma -

Eu can - to tú - ai - ma -

330

Picc.

Fr.

Ob. 1.2

Cl. Si b. 1.2

Fg. 1.2

Trp. Fa 1.2

Trp. Fa 3

Tpa Si b. 1.2

Perc.

Hp.

S

A

T

B

Vln. I

Vln. II

Vla.

Vc.

Cb.

pp

mp

pp

pp

F

xe som - bra de Bre - o - gán que na - ve - gas no ar de Ir - lan da.ao no - so chan

xe som - bra de Bre - o - gán que na - ve - gas no ar de Ir - lan da.ao no - so chan

xe som - bra de Bre - o - gán que na - ve - gas no ar de Ir - lan da.ao no - so chan

xe som - bra de Bre - o - gán que na - ve - gas no ar de Ir - lan da.ao no - so chan

347

Picc. *mf*

Fr. *mp* *mf*

Ob. 1.2 *mf*

Cl. Si b. 1.2 *mp* *p*

Fg. 1.2 *p*

Trp. Fa 1.2 Solo *p*

Trp. Fa 3

Tpa Si b. 1.2

Perc. Cortina de timbres *p* Triângulo *p*

Hp. *mf* *f* *mf*

S. *p* *mf*
de Ir - lan - da.ao no - so chan
Eu

A. *p* *mf*
de Ir - lan - da.ao no - so chan
Eu

T. *p* *mf*
de Ir - lan - da.ao no - so chan
Eu

B. *p* *mf*
de Ir - lan - da.ao no - so chan
Eu

Vln. I *p* *pp*

Vln. II *p* *pp*

Vla. *p*

Vc. *p*

Cb. Arco *p*

Picc. *f*

Fr. *mp* *f*

Ob. 1.2 *mp* *f*

Cl. Si b. 1.2 *mp* *f*

Fg. 1.2 *mf*

Trp. Fa 1.2 *mf*

Trp. Fa 3 *mf*

Tpa Si b. 1.2 *mf*

Perc. *mp*

Perc. Hp. *mp*

Perc. *mp*

S *f*
 can to tú - a - i - ma - xe som - bra de Bre o - gán que na - ve - - - gas no ar de Ir - landa.ao no - so

A *f*
 can to tú - a - i - ma - xe som - bra de Bre o - gán que na - ve - - - gas no ar de Ir - landa.ao no - so

T *f*
 can to tú - a - i - ma - xe som - bra de Bre o - gán que na - ve - - - gas no ar de Ir - landa.ao no - so

B *f*
 can to tú - a - i - ma - xe som - bra de Bre o - gán que na - ve - - - gas no ar de Ir - landa.ao no - so

Vln. I *mf*

Vln. II *mf*

Vla. *mf*

Vc. *mf*

Cb. *mf*

386

Picc. *ff*

Fr. *ff*

Ob. 1.2 *ff*

Cl. Si b. 1.2 *ff*

Fg. 1.2 *ff*

Trp. Fa 1.2 *ff*

Trp. Fa 3 *ff*

Tpa Si b. 1.2 *ff*

Perc. *mf* *ff*
Plato suspendido *ff* lasciare vibrare

Hp. *ff*

S. *ff*
chan Bre - - - - o - - - - - gán Bre - o - gán

A. *ff*
chan Bre - - - - o - - - - - gán Bre - o - gán

T. *ff*
chan Bre - - - - o - - - - - gán Bre - o - gán

B. *ff*
chan Bre - - - - o - - - - - gán Bre - o - gán

Vln. I *ff*

Vln. II *ff*

Vla. *ff*

Vc. *ff*

Cb. *ff*

397

Perc. *fff*

Perc. *fff*

Ob. 1.2 *fff* *f*

Cl. Si b. 1.2 *fff* *f*

Fg. 1.2 *fff* *f*

Trp. Fa 1.2 *fff* *f*

Trp. Fa 3 *fff* *f*

Tpa Si b. 1.2 *fff* *f*

Perc. *mf* *fff* lasciare vibrare

Hp. *fff* Gliss.

S *fff* *f* Bre - - - -

A *fff* *f* Bre - - - -

T *fff* *f* Bre - - - -

B *fff* *f* Bre - - - -

que na - ve - - - gas no ar

Vln. I *fff* *f*

Vln. II *fff* *f*

Vla. *fff* *f*

Vc. *fff* *f*

Cb. *fff* *f*

Picc. *mf*

Fr. *mf*

Ob. 1.2 *mf*

Cl. Si b. 1.2 *mf*

Fg. 1.2 *mf*

Trp. Fa 1.2 *mf*

Trp. Fa 3 *mf*

Tpa Si b. 1.2 *mf*

Perc.

Hp.

S *mf*
o - - - - -

A *mf*
o - - - - -

T *mf*
o - - - - -

B *mf*
o - - - - -

Vln. I *mf*

Vln. II *mf*

Vla. *mf*

Vc. *mf*

Cb. *mf*

Detailed description: This page of a musical score, numbered 406, contains staves for various instruments and voices. The Piccolo (Picc.) and Percussion (Perc.) staves are mostly empty. The Flute (Fr.), Oboe (Ob. 1.2), Clarinet in B-flat (Cl. Si b. 1.2), Bassoon (Fg. 1.2), Trumpet in F (Trp. Fa 1.2 and 3), and Trombone in B-flat (Tpa Si b. 1.2) staves all play sustained notes with a mezzo-forte (*mf*) dynamic. The Percussion and Harp (Hp.) staves are also empty. The vocal staves (Soprano, Alto, Tenor, Bass) show lyrics 'o - - - - -' and are marked *mf*. The Violin I (Vln. I) and Violin II (Vln. II) staves play sixteenth-note patterns with a *mf* dynamic. The Viola (Vla.) and Violoncello (Vc.) staves play triplet patterns, also marked *mf*. The Contrabass (Cb.) staff plays sustained notes with a *mf* dynamic.

Juan Durán (Vigo, 1960), compositor de numerosos e variados xéneros, mostra desde sempre unha querenza especial pola música vocal, como compositor, arranxador, orquestrador e mesmo como curioso revisor e intérprete das obras do pasado. *A Cantiga Finisterrae para múltiples voces de luz* (2001) supuxo o seu asentamento definitivo tanto no xénero da cantata, como no panorama compositivo galego actual. A ela seguirían outras moitas obras con voces, ben fosen orixinais ou instrumentacións de pezas clásicas do repertorio galego, nas que destaca especialmente *O arame* (2008), ópera en galego –aínda senlleira neste século XXI– sobre texto de Manuel Lourenzo, que acadaría unha excelente crítica na súa estrea na Coruña. Nos últimos dez anos a carreira creativa de Durán, inzada de novas estreas, encargos e premios, véno mostrando como un autor en pleno desenvolvemento, e unha referencia xa obrigada dentro e fóra de Galicia.

ISMN 979-0-9013197-1-4



9 790901 319714

Valentín



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA